

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Teorías do espectáculo e da comunicación
DISCIPLINA	Teorías do espectáculo I
TITULACIÓN	Arte dramática
ESPECIALIDADE	Escenografía
ITINERARIO	
CURSO	1º
CRÉDITOS ECTS	3
CARÁCTER	Formación básica
DEPARTAMENTO	Teoría e historia das Artes escénicas
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	Santiago Prego Cabeza
DOCENTES	Nome e apelidos: Santiago Prego Cabeza Horario titorías: Despacho: Departamento de Teoría e historia das Artes escénicas Contacto: santiprego@edu.xunta.es
DESCRICIÓN	Principios teóricos e dimensión práctica da comunicación escénica e audiovisual no ámbito da escenografía. Estudo práctico dos principios da linguaxe escénica e audiovisual. Análise práctica da creación escénica e audiovisual como fenómenos comunicativos: aspectos antropolóxicos e sociolóxicos. Análise práctica de espectáculos e procesos metodolóxicos da crítica.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Non se establecen
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego

2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T4	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e da comunicación.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X1	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.
X2	Comprender psicolxicamente e empatizar para entender e sentir as vidas, situacións e personalidades alleas, utilizando de maneira eficaz as súas capacidades de imaxinación, intuición, intelixencia emocional e pensamento creativo para a solución de problemas; desenvolvendo a súa capacidade para pensar e traballar con flexibilidade, adaptándose aos demais e ás circunstancias cambiantes do traballo, así como a conciencia e o uso saudable do propio corpo e o equilibrio necesario para responder aos requisitos psicolóxicos asociados ao espectáculo.
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X8	Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DE ESPECIALIDADE	

EE3	Planificar e facer o seguimento do proceso de realización da creación, aplicando as metodoloxías de traballo pertinentes.
EE5	Investigar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire á metodoloxía de traballo como á renovación estética.
EE6	Estudar o feito escénico a partir de diferentes métodos e coñecer aspectos básicos na investigación escénica.

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Comprender o significado e o alcance disciplinar das Teorías da comunicación e do espectáculo no contexto dos estudos teatrais e da creación escénica.	T2, T4, EE6
2. Adquirir e consolidar elementos terminolóxicos e conceptuais correspondentes aos núcleos temáticos da disciplina.	T1, T2, X1, EE6
3. Adquirir e consolidar coñecementos teóricos e recursos metodolóxicos para o estudo sistemático da comunicación en tanto proceso básico e estrutural en diferentes modalidades de espectáculo.	T1, T2, T4, X1, EE6
4. Coñecer, analizar e comprender o rol do espectáculo na sociedade actual.	T2, T3, X1
5. Analizar e valorar os elementos e procesos inherentes a cada tipoloxía de espectáculo e a súa incidencia na esfera individual e social	T1, T2, T3, X1, EE3, EE5
6. Construír unha visión persoal, artística e científica dos espectáculos e do feito escénico nunha perspectiva sociolóxica e antropolóxica.	T2, T3, X1, X2, X3, X8
7. Analizar e comprender os procesos básicos na recepción artística e na construción do significado.	T1, T2, T4, X2, X8
8. Coñecer os aspectos básicos do consumo cultural, prestando especial atención aos públicos das artes escénicas.	T1, T2, X2, X8
9. Proxectar o alcance explicativo e interpretativo da disciplina na creación escénica.	T1, T3, X1, X8, EE3, EE5

4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS 2hs
1. Comunicación e espectáculo. Aspectos teóricos e sociolóxicos na escenografía.	1. 1. Comunicación e vida cotiá. 1. 2. A anomia 1. 3. Concepto de posmodernidade 1. 4. Tipos de comunicación. Os procesos de recepción. 1. 5. Introducción ás teorías da comunicación.	12
2. Perspectiva antropolóxica sobre a escenografía	2. 1. Cultura, linguaxe e arte desde unha perspectiva antropolóxica 2. 2. A liminalidade 2. 3. Os procesos de creación 2. 4. Rito, mímese e identidade	8
3. Tipoloxía dos espectáculos e conceptos clave para a escenografía	3. 1. Concepto de espectáculo 3. 2. Dramaticidade e teatralidade. 3. 3. Tipoloxía dos espectáculos. 3. 4. A espectacularidade sen espectáculo. 3. 5. Industria cultural e artes do espectáculo	8
TOTAL SESIÓNS		28

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introdutorias	4		4
Exposición práctico-teórica	28	10	38
Práctica individual	10	10	20
Práctica colectiva	10	8	18
Titorías individuais		4	4
Actividades de avaliación. Probas / Revisión	4	2	6
TOTAIS	56	34	90

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE	
Actividades	Descrición
Actividades introdutorias	Presentación de cada núcleo temático da materia indicando competencias a acadar e plan de traballo.
Exposición práctico-teórica	Exposición por parte do profesor dos núcleos temáticos básicos da disciplina a través da consideración e análise de casos prácticos, documentos de diverso tipo e outros materiais. Fundamentación teórica a partir da reflexión.
Práctica individual	Traballos a realizar na aula por parte do alumno, sexa presentacións, preparación de debates ou exercicios específicos
Práctica colectiva	Traballos a realizar na aula en grupo ou en pequeno grupo.

7. ATENCIÓN PERSONALIZADA	
Titoría presencial	O alumnado ten un período de atención personalizada en horario non lectivo.
Titoría electrónica	O alumnado pode manter contacto permanente co profesor a través do correo electrónico.

8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN		
8. 1 Avaliación ordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Traballo: Con carácter obrigatorio, tódolos alumnos deben realizar un traballo individual de 2.000 palabras sobre un fenómeno espectacular analizado desde a perspectiva do modelo dramatúrxico. O traballo deberá ser exposto en clase, e entregado con antelación á exposición.	TODAS	60%
Actitude: Participación activa nas actividades de aula presencial. Asistencia ás titorías.	TODAS	10%
Aula virtual: Participación nas actividades de aula virtual e realización	TODAS	30%

Aula virtual: Participación nas actividades de aula virtual e realización satisfactoria das probas prácticas semanais.	TODAS	30%
8.2 Avaliación específica ordinaria para alumnado que perda a avaliación continua		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Traballo: Deberán realizar un traballo individual de 2.000 palabras sobre un fenómeno espectacular analizado desde a perspectiva do modelo dramatúrxico.	TODAS	50%
Exame: Deberán realizar un exame que incluíra os temas impartidos en clase e algún caso práctico ou exemplo.	TODAS	50%
8.3. Avaliación extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
A avaliación na convocatoria extraordinaria de xullo consistirá en nun exame que incluíra os temas impartidos en clase e algún caso práctico ou exemplo, ou ben nun traballo individual de 2.000 palabras sobre un fenómeno espectacular analizado desde a perspectiva do modelo dramatúrxico. Será o docente quen decida cal das dúas opcións é a idónea para cada caso en función das carencias que se detecten no alumno, así como se o traballo será unha mellora do presentado anteriormente ou se debe ser un traballo completamente diferente.	TODAS	100%

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

Referencias básicas

- BEARDSLEY, M.C. e HOSPERS, J.: Estética. Teoría y fundamentos. Cátedra, 1988
- GOFFMAN, E. (1994): La presentación de la persona en la vida cotidiana, Buenos Aires, Amorrortu.
- MARTÍN ALGARRA, Manuel (2004): *Teoría de la comunicación: una propuesta*, Madrid, Tecnos.
- VIEITES, Manuel F. (2005): O teatro. Editorial Galaxia, S.A.

Referencias complementarias

- ABUÍN (2006): Escenarios del caos. Entre la hipertextualidad y la performance en la era electrónica, Valencia, Tirant lo Blanch.
- ARISTÓTELES (1999): Poética, A Coruña, Bahía
- BARBA, Eugenio; Savarese, Nicola (1991): The secret art of the performer, Londres, Routledge.
- CANO, P. L. (1999). De Aristóteles a Woody Allen. Poética y retórica para cine y televisión. Barcelona: Gedisa.
- DUVIGNAUD, Jean (1980): Sociología del teatro. Ensayo sobre las sombras colectivas, Mexico, Fondo de Cultura Económica.
- GIDDENS, Anthony (2002): Sociología, Madrid, Alianza.
- GONZÁLEZ REQUENA, Jesús (1988): El discurso televisivo: espectáculo de la posmodernidad. Ediciones Cátedra, S.A.
- HARRIS, Marvin (2004): Antropología, Madrid, Alianza.
- PAVIS, Patrice (1990): Diccionario del teatro, Barcelona, Paidós.
- PEDRAZA JIMÉNEZ, Felipe B. (2005): Drama, escena e historia. Notas para una filosofía del teatro, Granada, Universidad de Granada.
- PRUNER, Michel (2006): A Fábrica do teatro. Vigo, Editorial Galaxia, S.A.
- SANTOS, Monserrat (1994): "La estética de la recepción y el horizonte de expectativas", en VILLANUEVA, Darío (comp.), Avances en teoría de la literatura, Santiago de Compostela, Universidad de Santiago de Compostela.

ABUÍN (2006): Escenarios del caos. Entre la hipertextualidad y la performance en la era electrónica, Valencia, Tirant lo Blanch.

ARISTÓTELES (1999): Poética, A Coruña, Bahía

BARBA, Eugenio; Savarese, Nicola (1991): The secret art of the performer, Londres, Routledge.

CANO, P. L. (1999). De Aristóteles a Woody Allen. Poética y retórica para cine y televisión. Barcelona: Gedisa.

DUVIGNAUD, Jean (1980): Sociología del teatro. Ensayo sobre las sombras colectivas, Mexico, Fondo de Cultura Económica.

GIDDENS, Anthony (2002): Sociología, Madrid, Alianza.

GONZÁLEZ REQUENA, Jesús (1988): El discurso televisivo: espectáculo de la posmodernidad. Ediciones Cátedra, S.A.

HARRIS, Marvin (2004): Antropología, Madrid, Alianza.

PAVIS, Patrice (1990): Diccionario del teatro, Barcelona, Paidós.

PEDRAZA JIMÉNEZ, Felipe B. (2005): Drama, escena e historia. Notas para una filosofía del teatro, Granada, Universidad de Granada.

PRUNER, Michel (2006): A Fábrica do teatro. Vigo, Editorial Galaxia, S.A.

SANTOS, Monserrat (1994): "La estética de la recepción y el horizonte de expectativas", en VILLANUEVA, Darío (comp.), Avances en teoría de la literatura, Santiago de Compostela, Universidad de Santiago de Compostela.

SCHECHNER, Richard (2002): Performance Studies: An Introduction, Londres, Routledge.

VIEITES, M. F. [coord.] (2008) *Cento vinte e cinco anos de teatro en galego*. Vigo: Galaxia - ESAD

10. OBSERVACIÓNS

En función da dispoñibilidade dos recursos poderás reemplazar o seguimento da avaliación continua a través da aula virtual polo seguimento na aula presencial